

Expediente IET: P-21-738
Proxecto: Modificación do parque eólico Canedo
Concellos: Alfoz e Mondoñedo (Lugo)
Promotor: Galfor Eólica, S.L. (B-270259098)

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 18/10/2021 a Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de Modificación do parque eólico Canedo.

1. Antecedentes:

Con datas do 27/09/2011 e 08/10/2012 a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe emitiu informes sobre o proxecto do parque eólico Canedo, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Con data do 03/11/2014 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) favorable sobre este proxecto. Finalmente, por Resolución de 12/01/2015, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas aprobou o proxecto de execución do parque eólico.

A presente solicitude é consecuencia do inicio dun novo procedemento de avaliación ambiental do proxecto, provocado pola introdución de modificacións substanciais.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 755 / 56
secretaria.iet@xunta.gal
cmatv.xunta.gal



3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

A nova proposta ten unha potencia total de 13,5 MW, está composta por 3 aerogeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións e unha torre anemométrica). As máquinas terán unha altura de buxa de 148 metros, un diámetro de rotor de 163 metros e 4,5 MW de potencia unitaria. A lonxitude total das gabias para o cableado é de 1.218 metros e a torre meteorolóxica acadará unha altura de 117,5 metros. O parque eólico descarga a enerxía mediante rede de media tensión soterrada ata a subestación do parque Airas, compartida con este último parque e co parque eólico Figueiras. A lonxitude das vías é de 2.886 m, dos cales 530 m son de nova apertura.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo núm.8).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase entre as grandes áreas paisaxísticas de Galicia Setentrional e A Mariña Baixo Eo, nas comarcas paisaxísticas das Serras e Fosas Setentrionais e da Mariña Baixo Eo Interior.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, sendo as máis próximas (nun radio de 6 km) a AEIP-11-13 Serra da Toxiza-Tronceda-Fragavella, AEIP-12-05 Río Masma, AEIP-12-04 Penas da Frouxeira e a AEIP-12-03 Torre de Pardo de Cela. En relación aos miradoiros, os máis próximos son o do Castelo de Pardo de Cela, o da Ponte dos Carabullos e o do Pico e Fortaleza da Frouxiera, localizados a uns 3,3, 4,4 e 6,2 km respectivamente das infraestruturas do parque.

Respecto a outros valores citados no Catálogo das paisaxes, o Camiño de Santiago (Camiño Norte Ruta da Costa) discorre a uns 5 km ao leste do parque. Ademais, os aerogeradores atópanse dentro dun solo rústico de protección paisaxística clasificado polo PXOM de Mondoñedo.

O parque eólico localízase nos cumios dos altos de Coto Viñín e Coto do Pombo, a una altitude que oscila entre os 650 e os 680 metros. Nas abas destes altos predominan as explotacións forestais, se ben nas cotas nas que se sitúan as infraestruturas, as coberturas predominantes son pequenas manchas de pasteiros, mato e abondosos afloramentos rochosos. As zonas de cultivo e os asentamentos humanos quedan reservados a cotas máis baixas en zonas de val aberto. As vías de comunicación máis importantes da contorna son a estrada nacional LU-160 e a provincial LU-P-0211.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto contén unha diagnose do estado actual da paisaxe na que non se fai referencia aos contidos do Catálogo das paisaxes de Galicia. Descríbense as principais características do proxecto, caracterízase a paisaxe da contorna e calcúlanse as cuncas visuais dos aerogeradores nun radio de 15 km para analizar o impacto sobre os valores paisaxísticos. Finalmente inclúense un apartado referente aos impactos do proxecto e outro de medidas preventivas e correctoras para as fases de deseño e execución o parque.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza dos aerogeradores en zonas elevadas, o que lle confire unha alta visibilidade debido á súa posición dominante no relevo





nunha contorna de marcado carácter rural. Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes, o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico. En relación aos núcleos, o EIIP non avalía a incidencia sobre os máis próximos ao parque, como son Abeledo O Campo do Arco, Os Lamegos ou Romeo, todos eles situados a un radio de 2km respecto dos aerogeradores, e minusvalorados na incidencia visual debido ao escaso número de habitantes. Ademais, o EIIP non achega estudo da incidencia acumulada dos numerosos parques eólicos en funcionamento ou en tramitación nas proximidades de Monte Canedo. Especialmente no caso do PE Figueiras, situado a menos de 1 km deste. Así mesmo, o EIIP non avalía os afloramentos rochosos como un valor paisaxístico de especial relevancia neste monte, onde existen grandes bolos graníticos moi visibles dende os vales ao sur e sueste dos altos.

Con respecto á afección ao Camiño Norte, o parque resultará visible dende varios tramos do camiño, se ben debido ao escaso número de aerogeradores non suporá un impacto significativo.

O EIIP expón unha serie de medidas de integración paisaxística centradas no deseño do parque (aproveitamento dos camiños existentes e localización das infraestruturas minimizando os movementos de terras). Porén, non achega ningunha medida preventiva ou correctora do impacto sobre os afloramentos rochosos ou sobre os núcleos rurais máis próximos, polo que as medidas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe resultan incompletas e non se axustan ás directrices de paisaxe.

Se ben o EIIP presentado inclúe en xeral os contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, non inclúe a xustificación de como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística nin as determinacións das directrices da paisaxe, tal e como se recolle nos artigos 11.2d da Lei 7/2008 e 27.d do Regulamento.

5. Conclusión:

Os principais impactos sobre a paisaxe produciranse debido á incidencia visual sobre os núcleos máis próximos e sobre os afloramentos rochosos do promontorio onde se sitúa. En todo caso, debe completarse o EIIP de acordo aos seguintes contidos:

- Deberanse analizar os efectos sinérxicos derivados da presenza doutros parques eólicos en tramitación adxacentes a este parque, tendo en conta que a afección visual dos aerogeradores é acumulativa e a presenza doutros parques non resulta favorable para a integración paisaxística do proxecto.
- De acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices de paisaxe, de acordo co que para tal efecto dispón o apartado 4.1 "Disposicións de carácter xeral" das Directrices de paisaxe de Galicia.
- Debe completar as medidas a adoptar para acadar a integración paisaxística do proxecto, de acordo co disposto no artigo 30 do Regulamento da Lei 7/2008 e nas



normas e recomendacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe salientar, neste caso, as seguintes:

- De acordo coa directriz de paisaxe DX.17 a). 4, debe evitarse a afección aos afloramentos rochosos graníticos por parte dos aeroxeradores, das súas plataformas de montaxe e das vías de acceso, posto que se trata de elementos compositivos que definen unha das maiores singularidades paisaxísticas destes altos. Na mesma liña, deberá asegurarse a maior compatibilidade posible coas masas de mato alto valor ecolóxico que poidan existir (directriz DX 20.d).
- Tendo en conta a proximidade dos asentamentos adxacentes, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto do aeroxerador, deberán adoptarse as medidas necesarias para mitigar o impacto, de acordo coa recomendación da Directriz de paisaxe DX.20.c.
- De acordo coa directriz de paisaxe DX.22 i), de existir valados de pedra ao bordo dos camiños e delimitando os predios, o acondicionamento dos camiños e o trazado das novas pistas deberá respectar, sempre que sexa posible, as sebes, os valados tradicionais e os aliñamentos de árbores, e calquera outro sistema de delimitación tradicional.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Documento asinado electronicamente)

